

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

12591 *Orde DEF/2265/2014, do 28 de novembro, pola que se establecen as canles de relación e a participación no Consello de Persoal das Forzas Armadas das asociacións de militares retirados e discapacitados.*

A disposición adicional primeira.2 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, sinala que o Ministerio de Defensa establecerá as canles adecuadas para que as asociacións que teñan entre as súas finalidades a defensa dos intereses económicos e sociais dos militares retirados poidan presentar as súas propostas e ter acceso á información do seu interese. E a disposición adicional primeira.3 establece que as asociacións de militares retirados e discapacitados máis representativas serán convocadas ás reunións do Pleno do Consello de Persoal das Forzas Armadas, para trataren asuntos que poidan afectar os seus asociados, polo menos, una vez ao ano, o que se reproduce no artigo 20.4 do Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 910/2012, do 8 de xuño.

Os números 2 e 3 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, conteñen unha normativa concibida en termos xerais para os militares retirados. Non obstante, dentro do amplo conxunto dos militares que pasaron a retiro, o lexislador orgánico menciona especificamente os discapacitados, o que ten o debido reflexo no sistema de participación das asociacións nas reunións do Consello de Persoal que establece a presente orde ministerial. Débese ter en conta, por outra parte, que esa mención especial aos discapacitados non se refire aos militares en activo que poidan sufrir algunha discapacidade, cuxos dereitos de participación son os que corresponden á súa situación de servizo activo e aparecen regulados na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

As asociacións de militares retirados e discapacitados non se rexen polo disposto no título III da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, polo que non poden ser inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, aínda que si terán que estar inscritas no Rexistro Nacional de Asociacións e, desta forma, adquiriren personalidade xurídica.

Nesta orde ministerial inclúense os procedementos para identificar que asociacións son beneficiarias dos dereitos mencionados, xa que a citada disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, se refire ás asociacións de retirados e discapacitados. Neste sentido, distínguense ata tres tipos de asociacións: aquelas que teñan entre as súas finalidades a defensa dos intereses económicos e sociais exclusivamente dos militares retirados, as que defenden estes intereses exclusivamente para os militares discapacitados e aquelas que o fan indistintamente para os militares tanto retirados como discapacitados. Será a propia asociación interesada a que proporcione esta información ao Ministerio de Defensa, a través dunha declaración responsable.

En función do contido da dita declaración responsable, as asociacións que cumpran os requisitos establecidos en cada caso poderán relacionarse co Ministerio de Defensa, así como ser convocadas ás reunións do Pleno do Consello de Persoal das Forzas Armadas, sempre de conformidade con esta orde ministerial.

O procedemento establecido para determinar as asociacións de militares retirados e discapacitados máis representativas, nun número de dúas, que serán convocadas ás reunións do Pleno do Consello de Persoal das Forzas Armadas, garante que poderán participar as asociacións con maior número de asociados de militares retirados e de asociados militares retirados discapacitados.

Durante a súa tramitación, esta orde ministerial recibiu o informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, de acordo co establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe sobre ela.

Por outra parte, de acordo co artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, deuse trámite de audiencia ás asociacións de militares retirados e discapacitados.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Finalidade.*

Esta orde ministerial ten por finalidade establecer as canles adecuadas para que as asociacións de militares retirados e discapacitados poidan presentar as súas propostas e ter acceso á información do seu interese, así como a súa participación nas reunións do Pleno do Consello de Persoal das Forzas Armadas, en diante Consello de Persoal.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O establecido nesta orde ministerial será de aplicación ás asociacións de militares retirados e discapacitados que, cumprindo cos requisitos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, estean inscritas no Rexistro Nacional de Asociacións e teñan como finalidade a defensa dos intereses económicos e sociais dos militares retirados e discapacitados.

Artigo 3. *Requisitos para o establecemento de canles de relación e a participación nas reunións dos plenos do Consello de Persoal.*

1. Para que unha asociación de militares retirados e discapacitados poida presentar as súas propostas e ter acceso á información do seu interese e poida ser convocada para asistir ás reunións do Pleno do Consello de Persoal deberá presentar, con carácter anual, antes do 31 de xaneiro, na Secretaría Permanente do Consello de Persoal, unha declaración responsable, segundo o modelo do anexo, con datos en 31 de decembro, na cal farán constar os seguintes aspectos:

- a) Que está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número que corresponda.
- b) Que ten como finalidade a defensa dos intereses económicos e sociais dos militares retirados, dos militares discapacitados ou de ambos; deberá expresar unha das tres opcións.
- c) Número de asociados militares retirados, computando exclusivamente os procedentes do Exército de Terra, Armada e Exército do Aire, así como dos corpos comúns das Forzas Armadas, e precisando o número de retirados que teñan tamén a consideración de discapacitados.
- d) Que ten ámbito nacional e se constitúe por tempo indefinido.
- e) Que non ten carácter lucrativo.
- f) Que non está representada, nin forma parte, mediante federación, confederación ou unión de asociacións, das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas.

2. As asociacións que non cumpran cos requisitos do número 1, así como aquelas que non presentasen as súas declaracións responsables antes do 31 de xaneiro, ou as que achegasen nas ditas declaracións información inexacta, falsa ou omitan datos, de acordo co disposto no artigo 71 bis.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non poderán presentar as súas propostas, nin ter acceso á información do seu interese, nin serán convocadas para asistir ás reunións do Pleno do Consello de Persoal.

3. As asociacións que presenten, en tempo e forma, a declaración responsable establecida no número 1 e cumpran os requisitos aí establecidos, independentemente do seu número de asociados, poderán presentar as súas propostas e ter acceso á información do seu interese durante o ano correspondente.

4. De entre as asociacións que presenten, en tempo e forma, a declaración responsable establecida no número 1 e cumpran os requisitos aí establecidos, designaranse dúas que poderán ser convocadas ás reunións do Pleno do Consello de Persoal durante o ano correspondente, de acordo coas seguintes regras:

a) A primeira delas será a que declarase o número máis elevado de asociados que teñan a condición de retirados.

b) A segunda será a asociación que declarase o número máis elevado de asociados que reúnan a dobre condición de retirados e discapacitados.

Se a asociación designada ao abeiro da letra a) é ao mesmo tempo a que declarou o número máis elevado de asociados coa dobre condición de retirados e discapacitados, daquela a segunda asociación designada será a que declarou o segundo maior número de asociados que teñan a condición de retirados.

5. O subsecretario de Defensa resolverá sobre o cumprimento dos requisitos mencionados, para os efectos previstos nos números 3 e 4 deste artigo. Esta resolución será notificada á asociación e só terá efectos durante o ano correspondente.

Artigo 4. *Canles adecuadas para a presentación de propostas e acceso á información.*

Para as asociacións sobre as cales se resolveu no sentido de que poden presentar as súas propostas e ter acceso a información do seu interese, terase en conta o seguinte:

a) Estas asociacións dirixiranse e recibirán información exclusivamente a través da Secretaría Permanente do Consello de Persoal. A Secretaría Permanente, ao recibir unha proposta, e tras verificar que se trata dun asunto relacionado cos intereses económicos e sociais dos militares retirados e discapacitados, remitiraa aos órganos directivos que correspondan do Ministerio de Defensa para a súa valoración. A Secretaría Permanente notificaralle á asociación a resolución adoptada ou a resposta motivada á súa proposta. Exceptúanse do previsto neste parágrafo aqueles procedementos regulados expresamente.

b) Cando estas asociacións pretendan que as súas propostas sexan consideradas no Consello de Persoal, terán que especificar explicitamente esta circunstancia. Estas propostas poderán ser incluídas na orde do día do Pleno do Consello de Persoal, se é o caso, de acordo co procedemento determinado máis adiante.

c) As relacións entre as asociacións e a Secretaría Permanente do Consello de Persoal poderanse establecer utilizando medios electrónicos a través da sede electrónica central do Ministerio de Defensa, de acordo co previsto nos artigos 6 e 10 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Por outra banda, entre estas partes tamén se poderán establecer relacións, adiantar correspondencia oficial ou, por razóns de eficiencia e economía, remitir documentación voluminosa empregando as contas de correo electrónico do sistema de mensaxaría interpersoal do Ministerio de Defensa e as das asociacións que estas designen.

Artigo 5. *Procedemento para a participación das asociacións de militares retirados e discapacitados no Consello de Persoal.*

1. O presidente do Consello de Persoal determinará as reunións do Pleno ás cales se convocarán as dúas asociacións sobre as cales se resolveu no sentido de que poderán participar no Consello de Persoal. En calquera caso, a convocatoria ao Pleno do Consello de Persoal terá unha periodicidade mínima anual.

2. Participará nos plenos do Consello de Persoal un representante de cada unha das dúas asociacións convocadas. Este representante deberá ser membro de pleno dereito da asociación e terá a consideración de militar retirado procedente do Exército de Terra, Armada ou Exército do Aire, ou dos corpos comúns das Forzas Armadas.

3. De acordo co establecido no artigo 4.b), a Secretaría Permanente do Consello de Persoal comunicarlles a todas as asociacións, con antelación suficiente, a data límite para a recepción das propostas de asuntos para o seu debate no Pleno do Consello de Persoal. Por outra parte, solicitará, para os efectos de elaboración da convocatoria, os datos do representante designado para asistir ao Pleno do Consello de Persoal e a súa comisión preparatoria no caso das asociacións que poden participar no dito pleno.

4. Os asuntos propostos para o seu debate no Pleno do Consello de Persoal polas ditas asociacións serán tratados na comisión preparatoria do Pleno do Consello de Persoal correspondente para os efectos da súa inclusión, se é o caso, na proposta de orde do día do Pleno que a dita comisión elevará ao presidente do Consello de Persoal. Todo isto de acordo cos artigos 19.1 e 22.2 do Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 910/2012, do 8 de xuño. A Secretaría Permanente convocará un representante de cada unha das dúas asociacións que obtivo participación no Consello de Persoal, para que poidan asistir á comisión preparatoria para trataren unicamente os asuntos que as afecten.

5. O presidente do Consello de Persoal incluírá na orde do día do Pleno os asuntos propostos polas asociacións que considere que deben ser tratados.

6. A Secretaría Permanente remitiralles a convocatoria, a orde do día e a documentación que se precise ás asociacións cunha antelación mínima de sete días hábiles á celebración do Pleno do Consello de Persoal, e informará, de ser o caso, todas as asociacións que correspondan sobre a non inclusión das súas propostas na orde do día.

7. Nas sesións do Consello de Persoal, o tratamento de cada unha das propostas destas asociacións será de acordo co disposto no artigo 50.4 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Os representantes das ditas asociacións que participen no Pleno do Consello de Persoal só terán dereito a voz para presentaren, de ser o caso, e debateren as propostas formuladas por estas asociacións que fosen incluídas na orde do día, polo que quedarán excluídos de intervir no resto de asuntos.

8. Os representantes destas asociacións asistirán unicamente á parte da reunión do Pleno do Consello de Persoal que os afecte, e o presidente do Consello de Persoal poderá autorizar a súa asistencia á reunión completa do Pleno do Consello de Persoal de forma excepcional e debidamente motivada.

9. A Secretaría Permanente remitiralles a estas asociacións copia do reflectido nas actas do Pleno respecto dos asuntos tratados que sexan de interese para os seus asociados e, en calquera caso, sobre as propostas presentadas por estas asociacións. Por outra parte, remitirá ás asociacións propoñentes que non asisten ás reunións o resultado do debate das súas propostas.

10. Empregaranse, no non especificado, os procedementos determinados para o funcionamento do Consello de Persoal, que poidan ser de aplicación, ao criterio do presidente do Consello de Persoal.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de novembro de 2014.–O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.

ANEXO

Declaración responsable das asociacións de militares retirados e discapacitados para poderen remitir propostas, recibir información e participar no Consello de Persoal das Forzas Armadas de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas

D./D.^{a1}, maior de idade, con documento nacional de identidade número, e domicilio para efectos de notificacións en², actuando como representante legal da asociación³, para efectos do previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas,

DECLARO:

Que con data 31 de decembro de.....:

- a) A asociación citada está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número
- b) Ten como finalidade a defensa dos intereses económicos e sociais dos militares⁴.
- c) O número de asociados militares retirados, computando exclusivamente os procedentes do Exército de Terra, Armada e Exército do Aire, así como dos corpos comúns das Forzas Armadas é de; deles, o número de retirados que teñen tamén a consideración de discapacitados é de
- d) Ten ámbito nacional e está constituída por tempo indefinido.
- e) Non ten carácter lucrativo.
- f) Non está representada nin forma parte, mediante federación, confederación ou unión de asociacións, das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas.

Esta declaración responsable realízase de conformidade e cos efectos do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En....., o..... de..... de.....

Asdo.:

¹ Nome e apelidos.

² Enderezo postal completo.

³ Nome da asociación.

⁴ Unha opción entre as tres seguintes: retirados, discapacitados, retirados e discapacitados.